

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2010	PE403A 2009/75-1
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE CARREIRA-AGUIÑO E RIBEIRA	
Plan explotación⁽¹⁾	OURIZO	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	Ourizo (<i>Paracentrotus lividus</i>)
Ambito do plan	De punta Falcoeiro ata río Sieira, incluíndo illotes adxacentes (Falcoeiro, Basoñas e outros) (Ver consideracións)
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/personas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	52	122 (67 mergulladores)
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Si
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	10	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		60										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novmb	dec	
X	X	X	X									X

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ourizo	-	150 kg	50 kg

Artes a empregar	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
-------------------------	--

Puntos de control	Corrubedo e peiraos de Aguiño e de Ribeira
Puntos de venda	Lonxas de Aguiño (vendeduría da confraría) e de Ribeira (vendeduría da confraría)

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improditivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												



Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Traslados													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Rareos													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Limpezas e arados													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Outros													

Outras consideracións

Antecedentes: ata o ano 2009, o plan de explotación conxunto para estas dúas confrarías era aprobado para as modalidades de mergullo (apnea e subministro de aire) e bicheiro cun total de 91 embarcacións, das que 52 contaban coa modalidade de ourizo (Z3), ou sexa mergullo, e 29 coa arte de bicheiro. Para o ano 2010, para a extracción de ourizo por parte destas dúas confrarías e para o mesmo ámbito aprobaranse dúas plans de explotación en función da modalidade que se empregue: mergullo ou bicheiro.

Ambito: Non se acepta a inclusión da zona de libre marisqueo que ocupa o espazo marítimo interno da ría de Arousa, limítrofe coas autorizacións administrativas das dúas confrarías, ata que se realice unha avaliación dos bancos de ourizo desa zona a fin de coñecer a viabilidade da súa explotación. Por tanto, o ámbito deste plan queda dividido en dúas zonas:

- Dende a punta Falcoeiro ata río Sieira, incluíndo illotes adxacentes (Falcoeiro, Basoñas e outros), que a súa vez se divide en dúas subzonas:
 - Subzona 1.- dende Pta. Falcoeiro ata Pta. Corrubedo, incluíndo a praia do Vilar
 - Subzona 2.- dende Pta. Corrubedo ata Río Sieira, incluíndo os baixos de Basoñas.
- Illa de Sálvora e illotes adxacentes (Sagres, Vionta, Gaboteira, Herbosa, Noro e outros). Esta zona atópase na súa totalidade dentro do P.N. Illas Atlánticas

Manterase o peche da zona do P.N. Illas Atlánticas durante o ano 2010, con obxecto de lograr un stock de reprodutores suficiente para a recuperación destes bancos.

Participantes: As embarcacións con ourizo (Z3) no seu permiso, autorizadas para traballar neste plan son 52, todas elas relacionadas no listado anexo ó plan:

- 28 asociadas á confraría de Aguiño, con 31 mergulladores
- 23 asociadas á confraría de Ribeira, con 35 mergulladores
- 1 particular, con 1 mergullador.



Ampliación: Apróbese a solicitude de incorporación de 10 embarcacións a este plan que xa contan na actualidade coa arte bicheiro no seu permex e que viñan desenvolvendo a súa actividade nos plans anteriores de extracción de ourizo. Facilitarase o cambio de arte bicheiro por ourizo (Z3), de todas aquelas embarcacións incluídas no plan de ourizo con bicheiro presentado para o mesmo ámbito que este plan, sempre que renunciem ao bicheiro e os tripulantes posúan a titulación necesaria de mergullo.

Polo tanto, non se trata dun incremento do número de embarcacións, senón dun cambio na modalidade da extracción.

Época de extracción: A época probable de extracción abrangue os meses de xaneiro a abril. No caso de non esgotar o número de días máximos de extracción neste período, recuperaríanse no mes de decembro.

Topes máximos de captura: O tope queda establecido por tripulante enrolado e a bordo e día, ata un máximo de 150 kg/embarcación/día.

Puntos de control: O punto de control e descarga será o mesmo. Aquelas embarcacións que decidan descargar en Corrubedo deberán comunicalo con antelación suficiente a comisión xestora para que se estableza alí un punto de control. Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

Deben completar as normas de funcionamento destes puntos no que se refire á participación dos tripulantes e designar as persoas responsables de organizar estes grupos e as quendas de traballo.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Comercialización: O prezo mínimo de venda será de 3 €/kg. No caso de que se chegase a un acordo sobre este punto a nivel galego, incorporase o prezo resultante dese acordo a este plan.

Xestión da explotación: A organización e xestión da extracción e comercialización correrá a cargo da comisión xestora, que será responsable de facer o seguimento do plan. A proposta feita pola comisión xestora será comunicada á confraría de Aguiño para que esta tramite a solicitude ante o Departamento Territorial.

Deberán indicar as normas de funcionamento da comisión xestora: convocatorias e periodicidade das reunións, toma de acordos...

Réxime sancionador: O incumprimento das normas do plan ou a falla de colaboración nos puntos de control, poderá ser sancionado mediante o procedemento pertinente, segundo os feitos e a gravidade, en base ao Réxime sancionador das confrarías ou á Lei 8/2004 de



protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo pesqueira de Galicia.

Mergullo: Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

Plan de seguridade: Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2010.**

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Organización da participación dos tripulantes nos puntos de control e persoas responsables.
- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2010.

Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas (25-novembro-2009):

A administración do Parque Nacional informa desfavorablemente este plan de explotación dentro do seu ámbito tendo en conta a proposta da confraría de Aguiño xa feita no plan do ano anterior:

- Como o ano anterior a confraría de Aguiño expón que dada a escaseza da especie (*Paracentrotus lividus*) na zona do arquipélago de Sálvora, debido á sobreexplotación, establecerase un peche continuado desta área de traballo durante a campaña de 2010, co obxecto de preservar un stok de reprodutores capaz de producir xuvenís que aseguren a renovación deste stock de reprodutores
- A confraría de Ribeira non está dacordo con ista medida que propón Aguiño
- A administración do Parque Nacional, é favorable a que se tomen medidas de control ou de peche como neste caso, e ademais considera que será necesario un estudo posterior a esta campaña para analizar a posible rexeneración do stock para sucesivas aperturas de extracción do recurso.